

NON É UNHA CAIXA

Texto e ilustracións de ANTOINETTE PORTIS

Tradución de CHEMA HERAS e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

- LIBRO DE HONOR DO PREMIO THEODOR SEUSS GEISEL 2007
- PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA 2008 (SEP México)
- OS MELLORES LIBROS PARA NENOS E MOZOS 2009 (Banco do Libro de Venezuela)
- PROGRAMA NATI PER LEGGERE 2012 (Italia)
- SELECCIÓN MINISTERIO DE EDUCACIÓN 2015 (Arxentina)

Non é unha caixa (galego)

ISBN 978-84-8464-326-5. Primeros lectores.

No es una caja (castelán)

ISBN 978-84-8464-325-8. Primeros lectores.

No és una caixa (catalán)

ISBN 978-84-16804-21-4. Primers lectors.

Ez da kaxa bat (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-998-2. Autore liburuak.

Non è una scatola (italiano)

ISBN 978-88-95933-32-0. Primi lettori.

Que fas sentado nesa caixa?

Non é unha caixa.

Por que estás subido na caixa?

Non é unha caixa!

Unha caixa é xustamente unha caixa... a menos que *non* sexa unha caixa. Dende unha montaña a un foguete espacial, o protagonista demostra como unha caixa pode ser todo aquilo que nos permita a imaxinación. Recreando vivencias da súa nenez, a autora aposta por potenciar a economía de recursos de antano: sen apenas nada co que distraerse, pódese converter o obxecto máis sinxelo no xoguete máis maravilloso.

Un álbum curioso e interesante, tanto polo seu contido como pola presentación, con cubertas que imitan a textura, a cor e a aparencia das caixas de cartón, incluídas as indicacións sobre a correcta posición do bulto. A liña argumental é moi sinxela, con frases curtas e directas a modo de diálogo entre o personaxe e unha voz omnisciente que pregunta pola utilidade do envoltorio. As ilustracións -de trazos básicos e expresivos- destacan polo xogo de cores e perspectivas. É especialmente chamativo o xeito de representar a nivel artístico esa dicotomía entre o plano da realidade e o da ficción: a imaxe imaxinaria superponse sobre a orixinal, ofrecéndolle ao público unha mirada distinta. Así, o que semella ser unha simple caixa convértese, ao paso de cada páxina, nun obxecto diferente: coche de carreiras, robot, edificio en chamas... e un sinfín de cousas.

Os lectores poderán familiarizarse con conceptos básicos de localización no espazo: arriba-abaixo, diante-detrás, dentro-fóra, horizontal-vertical... Un libro que invita a explorar novos mundos, que favorece a fantasía, a interacción e o intercambio de ideas entre nenos e adultos.




■ **Temática:** usos dunha caixa.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** desenvolvemento da imaxinación; xogo entre ficción e realidade; conceptos relacionados co espazo; similitude do libro coa aparencia externa dunha caixa de cartón.

Antoinette Portis

Graduada en Arte pola Universidade de California. É directora creativa da compañía Disney Consumer Products. Actualmente reside en California. "Non é unha caixa" foi o seu primeiro álbum infantil. Entre os recoñecementos recibidos, esta obra destaca como Libro de Honor 2007 do Premio Theodor Seuss Geisel, que se concede ás mellores obras infantís publicadas en EEUU en homenaxe a un autor que proclamaba que os nenos e as nenas buscan o mesmo que os adultos: "Rir, cambiar, entreterse e gozar".
<http://www.antoinetteportis.com>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com